



Orde do 19 de xullo de 2023, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (DOG do 28 de agosto).

Alumnado excluído

Non terá dereito á axuda convocada nesta orde:

- O alumnado de FP dual en cuxos proxectos se inclúan axudas por desprazamento e aloxamento.
- O alumnado que realice a FCT fóra do territorio español e teña concedida unha axuda Erasmus+ KA102, KA116 ou KA121, Fundación Paideia ou calquera outra axuda que financie totalmente o período de FCT, polas xornadas realizadas fóra do Estado español.
- Os que realicen a FCT ou a FP dual no concello do centro educativo ou no concello de residencia durante a realización da FCT ou da FP dual.

1. Prazo de outubro

- **Prazo de outubro**, para o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro a decembro de 2023. **O alumnado de FP dual non está incluído neste prazo.**

Teñen que rematar a FCT **obrigatoriamente** antes do **31 de decembro de 2023**.



Para poder tramitar os pagamentos antes do 31 de decembro de 2023, emendar algún posible erro, contactar cos centros..., recoméndase que rematen a FCT antes das vacacións de Nadal.

2. Documentación

- **Arquivo da documentación**

- a) Solicitudes orixinais (anexo I).
- b) Copia do DNI da persoa solicitante, se é o caso.
- c) Declaración responsable complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade (Anexo III).
- d) Certificación de realización das prácticas ou da FP dual.

Toda esta documentación **quedará arquivada no centro educativo como mínimo por un período de 5 anos**. Non se enviará ningunha documentación á dirección xeral

- **No caso de centros privados con ensinanzas concertadas**

O **anexo II** (aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas) unha vez asinado, deberá escanearse e remitir por correo electrónico a fct@edu.xunta.es **antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes**. Estará dispoñible na aplicación de FCT no apartado **informes/centro**.

Nota. Para a impresión de todos os anexos utilizarase a aplicación de FCT desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>.



3. Datas principais do prazo de outubro

Publicación da convocatoria no DOG	28 de agosto de 2023
Prazo de solicitudes	16 de outubro ao 16 de novembro
Publicación no centro da listaxe provisional	17 de novembro
Prazo de reclamacións	17 de novembro ao 27 de novembro
Publicación no centro da listaxe definitiva	28 de novembro
Finalización das prácticas	Do 28 de novembro ata o 7 de decembro

4. Máis información

Para calquera outra consulta pódese poñer en contacto co Servizo de Relación co Sistema Produtivo, Orientación e Inserción Laboral, nos teléfonos:

981 546 540 / 981 540 213 (Ana Cordo ou Paula Tenreiro)